

## ACTA N° 48/09

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 9 DE NOVEMBRO DE 2009**

#### **Asistentes:**

#### CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.  
D. Daniel Rodas Chapela.  
D. Valentín Piñeiro González  
D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso.  
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na Casa do Concello de Moaña, o 9 de novembro de 2009, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 09:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 45/09, do 19/10/09 e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar dita acta.

#### **2.- LICENZAS DE OBRAS**

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras, que serán efectivas, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

#### **2.A) EXPTE. 214/09 – A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DANIEL CASTELAO, 8 presenta estudo técnico para saneamento de fachadas do edificio sito na**

rúa Daniel Castelao, núm. 8, do barrio do Con-Tirán, de conformidade co proxecto presentado, redactado por Arquitectura y Urbanismo Morrazo, SLP, sendo o arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, visado o día 29.10.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 2 de novembro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** ESTUDO TÉCNICO PARA SANEAMENTO DE FACHADAS (OBRA MAIOR)

**INFORME:** Procede licenza das obras de conservación e ornato definida na documentación técnica presentada.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outórgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na simple conservación e ornato da fachada principal; procederase o chorreo da fachada, selado de xuntas e pintado coa preservación do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

**Liquidación provisoria de tributos:**

Imposto sobre construcións.....	29,38 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

**2.B) EXPTE. 217/09 – D. JUAN CARLOS NÚÑEZ MARTÍNEZ** presenta proxecto de conservación de cuberta da vivenda unifamiliar, situada no barrio de Broullón núm. 62 – Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado o día 28.09.2009,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 3 de novembro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** PROXECTO DE CONSERVACIÓN DE CUBERTA (OBRA MAIOR)

**INFORME:** Procede licenza das obras definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria constructiva do proxecto, a interposición de paneis tipo sandwich entre a estrutura e tella mixta con lámina anti vapor. Preservarase o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

**Liquidación provisoria de tributos:**

Imposto sobre construcións..... 136,64 €  
Taxas licenza urbanística..... 65,00 €  
Cartel de obra..... 110,00 €

**2.C) EXPTE. 216/09 – D<sup>a</sup> VIRTUOSA PENA SOUTO E D.<sup>a</sup> MARÍA DEL CARMEN RIOBÓ PENA** presentan proxecto de conservación de vivenda e reparación da cuberta de vivenda unifamiliar, sita na Fraga nº 17 - Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado o día 26.10.2009,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 3 de novembro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** PROXECTO DE CONSERVACIÓN DE VIVENDA E REPARACIÓN DE CUBERTA (OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza das obras definidas en proxecto.**

Non precisa informes sectoriais.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria construtiva do proxecto así como a conservación exterior da edificación preservando o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

**Liquidación provisoria de tributos:**

Imposto sobre construcións..... 181,10 €  
Taxas licenza urbanística..... 65,00 €  
Cartel de obra..... 110,00 €

**2.D) EXPTE. 213/09 – D<sup>a</sup> ISABEL CRUZ PAZO** presenta proxecto de reparación de muro de contención e peche de parcela, sita no lugar dos Ladrados, núm. 87 A, do barrio de Abelendo-Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado o día 27.10.2009,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 3 de novembro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** REPARACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN E PECHE DE PARCELA (OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza de acordo co proxecto presentado.**

Altura máxima será de dous metros a partir da rasante.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

**Liquidación provisoria de tributos:**

Imposto sobre construcións.....	28,00 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

**2.E) EXPTE. 211/09 – D. JOSE CARLOS DOMÍNGUEZ SIERRA** presenta proxecto de construción dun muro de contención de terras a vía pública de: 43,40 ml de largo; 2,00 ml de alto (86,80 m2) lindante con vía pública, a situar no Barrio de Costa, nº 12 – Domaio, de conformidade co proxecto presentado, visado o 15 de outubro de 2009 e asinado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego. Orzamento das obras: 7.504,46 m2.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 4 de novembro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** MURO DE CONTENCIÓN. (OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza de acordo co proxecto presentado.**

As alineacións suxetaranse ás oficiais determinadas na ordenación das NN. SS de Planeamento Municipal.

Altura máxima do muro de contención será de dous metros a partir da rasante.

A resolución do balaustre ampárase no apartado I.D.2.2.2 das Normas do Hábitat Galego para minimizar o risco de utilización da parcela para os usuarios da vivenda.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

**Liquidación provisoria de tributos:**

Imposto sobre construcións.....	210,12 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

**2.F) EXPTE. 81/09 – D.ª SOLEDAD PÉREZ DEL RÍO** presenta proxecto modificado de planta baixa en rehabilitación de vivenda en planta baixa e primeira para completar o expte. 81/09, redactado polos arquitectos D. Rafael Oliveira Souto e D. Juan A. Fernández Martínez, de Arquitectura y Urbanismo Morrazo, S.L.P., visado en data 29.10.09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 4 de novembro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** MODIFICADO DE PLANTA BAIXA

**INFORME:**

**Procede licenza de reforma da planta baixa** do proxecto básico relativo o Expte.:81/09. Mantéñense as determinacións da planta primeira e os usos definidos para a planta baixa no inicial proxecto básico.

En Xunta de Goberno Local de 13 de xullo de 2009 outorgouse licenza para a rehabilitación de planta primeira para unha vivenda unifamiliar. Nembargantes, o alcance das determinacións do proxecto básico de xeito inequívoco incluían igualmente a planta baixa cuestión que resultaba

imprescindible para acadar todas e cada unha das especificacións das Normas do Habitat Galego. Coa presente licenza poderánse acometer moi lixeiras reformas en planta baixa afectan limitadamente o conxunto da obra sen menoscar o legalidade urbanística.

**Liquidación provisoria de tributos:**

Imposto sobre construcións (diferenza orzamento inícia).... 180,96 €  
Taxas licenza urbanística (diferenza orzamento inicial) ..... 16,15 €

**3.- OBRAS MENORES**

Visto o expediente instruído a instancia do interesado que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza para obra menor, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

**EXPTE. 186/09 – D. JOSE BARREIRO SANTOME** presenta solicitude para traballos de colocación de plaqueta e azulexo na vivenda da súa propiedade, sita na Avda. Concepción Arenal, 168 - 2º do barrio da Praia, de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 4 de novembro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** COLOCACIÓN DE PLAQUETA E AZULEXO EN VIVENDA.(OBRA MENOR)

**INFORME:** **Procede licenza** de acordo coa documentación presentada.

Non require informes sectoriais.

**Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción ..... 33,02 €  
Taxas licenza urbanística ..... 65,00 €

**4.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS**

**PROXECTO DE EXECUCIÓN DE D.ª SARA SÁNCHEZ ANDRÉ E D. JESÚS RODRÍGUEZ RIVAS**

Vista a solicitude de D.ª SARA SÁNCHEZ ANDRÉ E D. JESÚS RODRÍGUEZ RIVAS na que presentan proxecto de execución de vivenda unifamiliar, visado no 21 de outubro de 2009, correspondente ao expediente nº 70/09,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 4 de novembro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** PRESENTACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN

Tómase en coñecemento aos efectos oportunos da presentación do proxecto de execución relativo ao expediente 70/09 ordeándose o seu arquivo en conxunto co inicial proxecto básico polo cal se lle otorgou a licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **aprobar o informe do aparelador municipal e ordenar o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA N° 70/2009.**

**5.- AMPLIACIÓN PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA “HUMANIZACIÓN DO BARRIO DO REAL”.**

O representante da empresa COVSA, por escrito con entrada no Concello o día 30 de outubro de 2009, expón que dita empresa é adxudicataria das obras *Humanización do barrio do Real (Moaña)* pertencente ao plan FEIL, e que debido á existencia de servizos afectados cómpre dispoñer de maior tempo de execución que o estimado inicialmente, polo que solicita que se lle conceda unha prórroga ata o dezaioito de decembro de 2009.

Vistos os informes do secretario e do director da obra emitidos ao respecto o día 5 de novembro de 2009,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar unha prórroga ata o 18 de decembro de 2009 na execución da obra *Humanización do barrio do Real (Moaña)*.

**6.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DO AMOBLAMENTO URBANO E ILUMINACIÓN DA ZONA PEONIL-COMERCIAL DA RÚA DANIEL CASTELAO”**

En data 19 de outubro de 2009, a Xunta de Goberno acordou adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Mellora do amoblamento urbano e iluminación da zona peonil-comercial da Rúa Daniel Castelao” á empresa PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, polo prezo de CENTO SETENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS NOVENTA EUROS E VINTECINCO CÉNTIMOS (172.590,25 euros, 140.297,52 euros + 32.292,73 euros de IVE), melloras valoradas segundo a cláusula 10 dos pregos 14.311,15 euros, IVE incluído, un prazo de execución de un mes, e un prazo de garantía de 48 meses.

Asemesmo se lle requiriu para que presentase en prazo, documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 7.439,24 euros e no prazo de 10 días

seguintes á notificación da adxudicación aportase a documentación requirida no apartado 19 dos pregos, no caso de que non a presentase con anterioridade.

O acordo de adxudicación provisoria foi notificado ao adxudicatario en data 26 de outubro de 2009.

En data de 27 de outubro de 2009, o adxudicatario provisorio presenta aval bancario na tesourería municipal por importe de 7.439,24 euros. Asemesmo presenta certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias, recibo de pago do IAE, e de estar ao corrente ca Seguridade Social.

De conformidade co previsto no artigo 17 dos pregos de cláusulas administrativas do contrato, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes, acorda:

**PRIMEIRO.-** Levantar o reparo da Intervención Municipal, reparo emitido en informe de data 9 de novembro entendendo válido o proxecto técnico aprobado e suficientemente xustificado, en base ás características reflectidas no proxecto, e a consideración do contrato coma contrato de obra, e por entender que no expediente de contratación se seguiron os trámites precisos para a adxudicación do contrato.

**SEGUNDO.-** Declarar válida a licitación e adxudicar definitivamente o contrato de obra “Mellora do amoblamento urbano e iluminación da zona peonil-comercial da Rúa Daniel Castelao” á empresa PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, polo prezo de CENTO SETENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS NOVENTA EUROS E VINTECINCO CÉNTIMOS (172.590,25 euros, 140.297,52 euros + 32.292,73 euros de IVE), melloras valoradas segundo a cláusula 10 dos pregos 14.311,15 euros, IVE incluído, un prazo de execución de un mes, e un prazo de garantía de 48 meses.

**TERCEIRO.-** Requirir do adxudicatario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación da adxudicación definitiva, se persone nas dependencias municipais para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato, conforme ao modelo previsto, previo pago de gastos de anuncios e aportación da documentación acreditativa de adscripción de medios comprometidos á execución do contrato.

**CUARTO.-** Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro ao Arquitecto técnico municipal, D. Xosé Manuel Carballo Moldes.

**QUINTO.-** Aprobar as melloras presentadas no que supoñan modificación do obxecto do contrato.

## **7.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA AO MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “REFORMA DO PASEO MARÍTIMO DA PRAIA (MOAÑA)”**

En data 6 de maio de 2009, o Concello de Moaña procedeu a adxudicar a obra “Reforma do paseo marítimo da Praia (Moaña)” á empresa XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L., prevéndose un prazo de execución de 6 meses, con cargo ao Fondo Estatal de Investimento Local previsto no Real Decreto-Lei 9/2008 de 28 de novembro polo que se crea un Fondo Estatal de Investimento Local.

En data de 5 de novembro de 2009, o Director de obra informa de que en vista das dificultades técnicas da obra xurdidas na acta de replanteo da obra houbo que proceder a

aprobar un modificado do proxecto, e requirir autorizacións oportunas para a execución da obra, polo que conclúe a necesidade de solicitar unha ampliación de prazo de execución da obra até o 21 de febreiro de 2010, o que supón unha ampliación de prazo de 3 meses e 18 días respecto ao proxecto orixinal.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda solicitar á Dirección Xeral de Cooperación Local da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, Ministerio de Política Territorial, unha prórroga de 3 meses e 18 días (até o 21 de febreiro de 2010) para a execución da obra “Reforma do paseo marítimo da Praia (Moaña)”

## **8.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR INSTALACIÓN DE TERRAZA**

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ SILVA solicita, por escrito do 29 de outubro de 2009, a devolución da fianza pola terraza que instalou no Bar Moaña, unha vez rematada a tempada de verán.

Visto o informe da tesoureira municipal do día 9 de novembro de 2009, no que, unha vez acreditado o depósito da fianza na Tesourería –núm. de documento 2009-500-0-, e dado o contido do informe do xefe da Policía Local do día 02.11.09, **informa favorablemente a devolución,**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución solicitada da fianza favor de D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ SILVA pola instalación de terraza no Bar Moaña.

## **9.- ANULACIÓN DE ACORDO SOBRE SEGUROS DE VEHÍCULOS**

Vista a proposta do 9 de novembro de 2009 que di que en data 6 de xullo de 2009 se adoptou acordo de aprobación das pólizas dos seguros dos vehículos municipais que se relacionaban por un importe de 3.650 euros, da Casa Aseguradora Bilbao, e que, posteriormente, con data 31/8/09 a Xunta de Goberno aproba novamente a renovación das pólizas de seguros dos mesmos vehículos a favor de AON GIL Y CARVAJAL, S.A., pero polo importe total de 3.305,14 euros de acordo coa proposta feita por esa aseguradora. Propone anular o acordo adoptado en data 6 de xullo de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda anular o acordo tomado o día 6 de xullo de 2009 en relación aos seguros de vehículos municipais e anular o recoñecemento da obriga pola contía de 3.650 euros, RC nº 1013, desglosada nas partidas que nel se conteñen.



## **10.- BASES PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS OFICIAIS DE 1º DE MANTEMENTO PARA ATENCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E A SÚACONVOCATORIA.**

Vista a redacción proposta das bases para a contratación de dous oficiais de primeira de mantemento para a atención de instalacións deportivas no Concello de Moaña, que di:

### **“CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS OFICIAIS DE PRIMEIRA DE MANTEMENTO PARA A ATENCIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE MOAÑA”.**

#### **PRIMEIRA: OBXECTO.**

O obxecto das presentes bases é a contratación de dous oficiais de primeira de mantemento para a atención de instalacións deportivas do Concello de Moaña.

Terán entre as súas funcións as labores de: Coidado, mantemento, vixilancia e pequenas labores de reparación (fontanería, carpintería, albanelería, electricidade, xardinería...) das instalacións. Labores de atención ao público visitante e coordinación do uso das instalacións.

A contratación será de carácter laboral temporal, un dos contratos realizarase a xornada completa e o outro a media xornada, mediante contrato por obra ou servizo de 12 meses de duración, dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2010.

As retribucións a percibir serán:

Xornada Completa: 1.262,07 euros brutos mensuais máis indemnización cese final de 336,55 euros.

Media xornada: 648,03 euros brutos mensuais máis indemnización por cese final de 172,81 euros.

O traballo organizarase a quendas rotativas **para a cobertura do servizo de luns a domingos.**

#### **SEGUNDA: CONDICIÓN DOS ASPIRANTES**

Para tomar parte nesta convocatoria, deberase de acreditar:

- a) Ser español. Os nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea e os estranxeiros residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións que os españois a aqueles sectores da función pública ás que lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Deberán acreditar a súa identidade, expedida polas autoridades competentes do país de orixe.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder dos 65 na data de remate de presentación de instancias.
- c) Estar en posesión do título de graduado escolar, F.P. I ou equivalente.
- d) Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo.
- e) Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo ao estado, Comunidades Autónomas ou ás entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- f) Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinen as disposicións legais vixentes.

Todos estes requisitos, posúíranse no momento de rematalo prazo de presentación de solicitudes e conservaranse, polo menos, ata o momento da proposta de contratación e posterior sinatura do contrato.

#### **TERCEIRA: INSTANCIAS.**

As instancias para tomar parte no proceso desta convocatoria, nas que os aspirantes manifestaran que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, dirixíranse ó Sr. Alcalde presidente da

Corporación e presentaranse no Rexistro Xeral deste concello de 9:00 a 14:00 horas desde o día **12 ata o día 20 de novembro de 2009**. Así mesmo, os aspirantes acompañarán ás instancias a documentación seguinte:

- \* Fotocopia do compulsada do DNI.
- \* Fotocopia compulsada do documento de afiliación á Seguridade Social.
- \* Fotocopia compulsada da titulación esixida, ou no seu defecto, xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición da mesma.
- \* Certificado expedido por médico colexiado de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.
- \* Declaración xurada de cumprir os requisitos sinalados na base segunda, apartados e) e f). Sen prexuízo no seu caso de ter que acreditarlo tamén de documental no caso de que o solicítase o tribunal.
- \* Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos que aleguen.

#### **CUARTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR E DATAS DAS FASES DA CONVOCATORIA**

O tribunal de selección estará integrado polos seguintes membros:

Presidente:

-A orientadora laboral do Concello de Moaña.

Vocais:

-O Secretario da Corporación

- A técnica local de emprego.

-Funcionario adscrito a área de Persoal

-Un vocal designado a proposta do Comité de Persoal

-O capataz da brigada de Servizos

Secretario:

-Un funcionario da área de Secretaría, que actuará con voz pero sen voto.

Serán funcións do tribunal a baremación da documentación aportada para a valoración de currículos, a corrección e valoración da proba tipo test e a valoración da proba práctica relacionada coas funcións a desenvolver.

As datas das fases da convocatoria serán as seguintes:

- Aprobación das bases pola Xunta de Goberno Local : 9 de novembro de 2009.
- Publicación de anuncio: 11 de novembro de 2009.
- Presentación de instancias: do 12 ao 20 de novembro de 2009.
- Lista provisional de admitidos e excluídos e valoración provisional dos currículos: 25 de novembro.
- Período de alegacións: do 26 de novembro a 1 de decembro.
- Lista definitiva de admitidos e excluídos e valoración definitiva de currículos: Día 2 de decembro ás 9:00 horas.
- Realización do exercicio tipo test: día 3 de decembro ás 10:00 horas. Rematado o exercicio tipo test comunicárase o lugar de realización da proba práctica.

Realización da proba práctica: día 9 de decembro ás 17:00 horas.

Resultado das puntuacións finais dos candidatos e proposta de aprobados; día 11 de decembro.

- Reclamacións: do 16 de decembro ao 22 de decembro
- Resolución de Reclamacións e listaxe definitiva de aprobados: 28 de decembro.
- Aprobación das contratacións en Xunta de Goberno Local o 28 de decembro.
- Inicio do contrato: 1 de xaneiro de 2010.

#### **QUINTA: SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN.**

A selección constará de tres probas, sendo os seus contidos e cualificacións os seguintes:

Valoración do currículo: 40% da puntuación. Máximo 4 puntos.

a) Cursos: A máxima puntuación neste apartado será de 1,50 puntos.

Por cada curso acreditado, directamente relacionado coas funcións a desenvolver, impartido, organizado ou homologado por administracións públicas ou universidades:

\* Ata 40 horas .....0,10 puntos.

\* De 41 a 100 horas.....0,25 puntos

- \* De 101 a 200 horas.....0,50 puntos
- \* Mais de 200 horas.....0,75 puntos.
- b) Experiencia profesional. A máxima puntuación neste apartado será de 2,00 puntos.
  - \* Por cada mes de traballo acreditado nas administracións públicas, en posto asimilable ao que aspira.....0,07 puntos
  - \* Por cada mes de traballo acreditado en entidades privadas, en posto asimilable ao que aspira.....0,06 puntos

Considéranse postos asimilables ao que se aspira: ter realizado labores de: mantemento e control de instalacións, labores de albanería ou similares, electricidade ou fontanería, carpintería e xardinería ou similares. As valoracións anteriores consideraranse por cada mes de traballo a xornada completa, no suposto de xornada parcial as valoracións reduciranse na parte proporcional. A experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificación oficial da vida laboral e copias dos contratos ou nóminas, ou IAE e alta na Seguridade Social no caso de autónomos, ou mediante calquera outra certificación oficial admitida e n dereito.

- c) Coñecemento acreditado do idioma galego: A máxima puntuación será de 0,50 puntos.
  - \* Celga 3 ou equivalente .....0,25 puntos
  - \* Celga 4 ou equivalente.....0,50 puntos.

Só se concederá validez ós cursos ou titulacións homologados polos organismos oficiais da Xunta de Galicia.

Exercicio tipo test: 20% da puntuación. Máximo 2 puntos. Eliminatorio

Os aspirantes deberán presentarse na casa do concello para a realización do exercicio, que se efectuará en chamamento único e provistos do DNI, quedando excluídos do procedemento selectivo os aspirantes que non comparezan.

O exercicio constará en contestar por escrito unha serie de 20 preguntas tipo test con catro respostas alternativas, das que só unha poderá ser correcta. Cada dúas preguntas mal contestadas restan unha das ben contestadas. As preguntas versarán sobre as materias comúns e específicas do temario que figura como anexo I desta convocatoria.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de 30 minutos.

Pasarán a seguinte proba aqueles/as candidatos/as que obteñan a metade da puntuación (1 punto)

Exercicio ou proba práctica. 40% da puntuación. Máximo 4 puntos.

Este exercicio consistirá na realización de varios supostos prácticos relacionados coas funcións que deberán desenvolver os traballadores; Coidado, mantemento, vixilancia e pequenas labores de reparación (fontanería, carpintería, albanería, electricidade, xardinería...) das instalacións. Labores de atención ao público visitante e coordinación do uso das instalacións.

#### **SEXTA.-CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS.**

1. Á cualificación obtida polos aspirantes que conclúan o proceso de selección, resultante da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios obrigatorios, sumaráselle a puntuación obtida na fase de concurso, acadándose así a puntuación final.
2. Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da corporación
3. O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou as probas selectivas un número superior de aspirantes ás prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

#### **SÉTIMA. –PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.**

Finalizado o proceso selectivo, o tribunal proporalle ao Alcalde-Presidente da Corporación a contratación dos aspirantes que acaden maior puntuación.. O aspirante que obteña maior puntuación será proposto polo tribunal para a formalización do contrato a xornada completa, o seguinte por orde de puntuación para a formalización do contrato a media xornada. O Alcalde Presidente resolverá sobre a contratación e

formalización dos contratos de conformidade cos modelos de contratación previstos no Real Decreto 1/1995, polo que se aproba o estatuto dos Traballadores. Os demais aspirantes que conclúan o proceso de selección, serán ordenados de maior a menor puntuación, conformando unha listaxe que poderá ser utilizada para a realización de substitución ou contratos de curta duración.

#### **OITAVA.-CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES**

As bases xerais e específicas desta convocatoria vencellan á Administración, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

#### **NOVENA.-INCIDENCIAS**

O tribunal seleccionador queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

#### **DÉCIMA.-RÉXIME XURÍDICO**

Para todo o non previsto nas presentes bases, será de aplicación a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado público, Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia, a Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Real Decreto Lexislativo 781/1986 de Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, o Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, sobre procedemento de selección na Administración local, o Decreto 95/1991 polo que se aproba o Regulamento de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o Real Decreto 364/95, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.-PUBLICIDADE.**

As presentes bases faranse públicas no taboleiro de anuncios do Concello de Moaña. Un anuncio da convocatoria das probas publicarase nun diario dos de maior difusión comarcal con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes.

#### **DECIMO SEGUNDA.-DISPOSICIÓN FINAL**

As bases xerais e específicas desta convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións do tribunal poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A Administración tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei 30/1992, do 26 de novembro.

**Moaña, 19 de outubro de 2009.**

#### ANEXO I.

##### Materias comúns:

Tema 1.- A Constitución de 1.978. Dereitos e deberes fundamentais da persoa.

Tema 2.- Entidades que comprende a Administración Local. O Municipio.

Tema 3.- Órganos de Goberno Municipais. Competencias.

Tema 4.- Ordenanzas e Regulamentos Municipais.

Tema 5.- A Facenda Local. Ingresos, taxas e prezos públicos.

Tema 6.- O procedemento Administrativo: concepto e principios xerais.

##### Materias específicas.

Tema 1.- Coñecementos básicos sobre: albanelería, carpintería, electricidade, xardinería, fontanería, e organización.

Visto o informe do secretario municipal de data 22 de outubro de 2009,

Visto o informe do interventor municipal de data 9 de novembro de 2009, no que emite reparo en cumprimento do disposto no artigo 215 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: levantar o reparo do interventor municipal por entender xustificada a contratación en base a un contrato de obra ou servizo e demais circunstancias xustificativas da contratación.

Segundo: aprobar as bases e a convocatoria, publicar o anuncio nun diario e expoñelo no taboleiro do Concello.

## **11.- PROGRAMA DE XIMNASIA DAS PERSOAS MAIORES: INCORPORACIÓN DO LOCAL DA AMEIXOADA**

Vista a proposta da concelleira delegada de Servizos Sociais do 4 de novembro de 2009, que di:

Debido o gran interés presentado por un grupo de persoas da Ameixoadá, dende servizos sociais valorase a incorporación da aula da **Ameixoadá** ó programa de ximnasia para as persoas maiores.

O monitor encargado de impartir clases **ata febreiro do 2010** sería Rubén García Ogando (contratado actualmente como monitor deportivo **por cooperación local**).

O horario sería de tres horas á semana polas tardes (martes, xoves, venres) de 17:30 a 18:30 horas.

As persoas inscritas abonarán **5 € mensuais** no departamento de recadación do Concello.

### **Proposta:**

- Incorporación do local da Ameixoadá ó Programa de ximnasia das persoas maiores a partir do **martes día 17 de novembro de 2009**.
- Aprobar o abono de **5 € mensuais** das persoas inscritas no departamento de recadación do Concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos e trasladarlle o acordo á Recadación municipal.

## **12.- MOBILIDADE**

**12.A)** Visto o informe-proposta do xefe da Policía local do 19 de setembro de 2009, conformada pola concelleira de mobilidade, en relación á reorganización do sentido do tráfico no lugar de Reibón, no Camiño da Seca, debido a que no lugar hai unha grande afluencia de vehículos en horario de entrada e saída dos colexios de Reibón e Seara e a Gardería, polo que se propón a seguinte sinalización para a regulación do tráfico:

Ao comezo o Camiño da Seca dende a rúa das Raiñas un sinal de calzada de sentido único (S-11), Continuando polo Camiño da Seca no primeiro cruce co que nos atopamos un sinal de presinalización de calzada sen saída (S-15a). No sentido contrario, ao acceder a esta vía dende a zona interior, sen saída, ao marxe dereito, un sinal de sentido obrigatorio á dereita (R.400c) e un sinal de entrada prohibida (R-111) en dirección á rúa das Raiñas.

Continuando polo Camiño da Seca en dirección á subida ao Touzal un sinal de calzada de sentido único (S-11).

Na mesma rúa o pasar a gardería un sinal de circulación nos dous sentidos (P-25), posterior a esta, antes do cruce coa subida ao Touzal un sinal de detención obrigatoria (R-2).

Entrando dende a PO-551 pola subida ao Touzal, dous sinais de parada e estacionamento prohibido (R-307) na marxe dereita, unha á entrada e outra antes do primeiro cruce.

Un sinal de calzada de sentido único (S-11) na primeira rúa que atopamos a dereita cara ao Touzal dende a PO-551.

No cruce da subida ao Touzal co Camiño da Seca (no cruce) dous sinais de entrada prohibida (R-101), unha a cada marxe da calzada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta da nova reorganización do sentido do tráfico e da nova sinalización do lugar de Reibón, no Camiño da Seca.

**12.B)** Visto o informe-proposta do xefe da Policía local do 3 de novembro de 2009, conformada pola concelleira de mobilidade, que di:

Que por mor da posta en marcha da piscina municipal e debido ao ensanchamento da beirarrúa na fachada da mesma, quedaron cortados os aparcamentos en batería que estaban pintados nese lugar. Que por outra banda tamén aumentou considerablemente o tráfico que discorre por ese lugar así como a necesidade de aparcamento, polo que cómpre reorganizar e repintar os aparcamentos de acordo co deseño gráfico que se achega.

Que como principais novidades serían as de pintar aparcamentos en liña diante da fachada da piscina, o pintado dun novo aparcamento reservado para diminuídos e o pintado dunha liña de aparcamentos para motos no lado contrario á piscina.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta sobre os aparcamentos na piscina municipal nos seus xustos termos.

**12.C)** D. Manuel Chapela Durán, por escrito con entrada no Concello o día 27 de outubro de 2009, expón que na rúa Almansa á altura da súa vivenda existe unha dirección de prohibido posto que se cambiou o sentido da circulación dese vial e que dito sinal está nun lugar pouco visible e os coches siguen entrando ata que ven o sinal, polo que solicita que se cambie para que sexa visible antes,

Visto o informe favorable do xefe da Policía local do 30 de outubro de 2009, conformado pola concelleira de Mobilidade, que indica que procede o troco de ubicación dos sinais do xeito que indica nas fotografías que acompaña,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o cambio de localización do sinal solicitado, no lugar indicado na proposta do xefe da Policía local.

**12.D)** D.<sup>a</sup> Susana Ferradas Varela, por escrito con entrada no rexistro do Concello o día 20 de outubro de 2009, expón que teñen a entrada aos garaxes ao lado do supermercado Día, e debido a que os coches aparcan arrimados a esta entrada non teñen visibilidade para saír, polo que teñen que meter o morro do coche na rúa co perigo que supón, e solicita un espello para colocal enfronte da saída ao garaxe e ter mellor visibilidade,

Visto o informe favorable do xefe da Policía local do día 29 de outubro de 2009, conformado pola concelleira de Mobilidade, que di

Por parte desta Xefatura non existe inconveniente para que se conceda autorización para a colocación dun espello convexo que facilite a saída dos vehículos dende o garaxe do edificio sito

no nº 10 A de Calvar hacia a estrada PO-551. O espello debe ser colocado na beirarrúa da marxe contraria ao edificio, de xeito que non obstaculice o libre paso dos peóns, e estará orientado de xeito que permita ver aos vehículos que circulen pola estrada PO-551 en dirección Vilaboa-Cangas. En todo caso, como o espello vai a ser utilizado exclusivamente polos condutores que teñen praza de garaxe no mencionado edificio, os costes correspondentes á súa adquisición e á instalación na beirarrúa terían que ser a cargo da comunidade de propietarios do inmovible.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a colocación do espello solicitado, no lugar indicado no informe do xefe da Policía local, con cargo á comunidade de propietarios do inmovible.

**12.E)** D.<sup>a</sup> Martina Freire Comedeiro, por escrito do 26 de outubro de 2009, expón que vive na rúa Casal 28 A e que na proximidade aparcan vehículos que impiden a visibilidade á hora de saír, e solicita que se coloque un espello no lado contrario da calzada ou o que crean conveniente,

Visto o informe favorable do xefe da Policía local do 29 de outubro de 2009, conformado pola concelleira de Mobilidade, que recomenda que se coloque un espello convexo xusto en fronte, na marxe contraria ao acceso ao novo campo de fútbol, e que o espello debe estar orientado de tal xeito que se permita observar aos vehículos que circulan en dirección Ameixoada-Abelendo,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a colocación do espello solicitado, segundo se recolle no informe do xefe da Policía local..

**12.F)** D. Evaristo Gallego Martínez, por escrito do 29 de setembro de 2009, expón que ten un garaxe no nº 22 da Travesía Martinga e que moitas veces, por ser moi estreita a recta final da rúa, cando estacionan coches élle moi difícil acceder ao seu garaxe e solicita que se tomen as medidas oportunas para que isto non suceda,

Visto o informe do xefe da Policía local do 22 de outubro de 2009, conformado pola concelleira de Mobilidade, que di que é unha vía estreita cun ancho medio de 3,70 metros, e cunha pendente acusada, e que sería conveniente que se prohibise o estacionamento nela, ben colocando dous sinais de prohibido estacionar ao inicio da rúa con dúas frechas ou ben pintar unha liña amarela en ámbalas marxes,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda acceder ao solicitado e aprobar o pintado dunha liña amarela en ambas marxes nos termos recollidos no informe do xefe da Policía local.

**12.G)** A Asociación de veciños de Redondo-Marrúa, por escrito do 29 de setembro de 2009, expón que por problemas de tráfico que se ocasionan no cruce de Pozonegro, solicitan a colocación dun espello para dito cruce.

Visto o informe do xefe da Policía local do 17 de outubro de 2009, conformado pola concelleira de Mobilidade, que di que *dende o punto de vista da seguridade do tráfico o*

*espello melloraría a visibilidade para os vehículos que proceden do Touzal, xa que non teñen visibilidade dos que lle saen pola dereita. Para a colocación do espello o lugar ideal sería un muro de formigón que hai no cruce. Por outra banda, hai que ten en conta que a cantidade de vehículos que circulan polo lugar é escasa, e os que proceden da saída dereita tamén son poucos, xa que se trata dun camiño sen saída usado polos veciños deste,*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda acceder ao solicitado e aprobar a colocación do espello nos termos recollidos no informe do xefe da Policía local.

**12.H)** D. Manuel Corrales Piñeiro, por escrito do 23 de outubro de 2009, expón que ten un vado no acceso á súa vivenda e que a veciña de enfrente aparca o seu coche de forma que lle impide saír cara a Cadabón, e solicita que se leve a cabo a sinalización horizontal axeitada para que poida manobrar con total liberdade na saída da súa propiedade,

Visto o informe do xefe da Policía local do 29 de outubro de 2009, conformado pola concelleira de Mobilidade, que di:

Efectivamente cando o requirinte pretende acceder dende o seu garaxe á rúa do Pico en dirección a Cadabón, non pode realizar a manobra se hai outro vehículo aparcado xusto en fronte, na outra marxe do camiño, e neste caso só pode circular en dirección á curva de Ríos, na estrada PO-551. A solución pasaría por prohibir aparcar no camiño, delimitando a zona restrinxida con liña amarela e un sinal vertical de “prohibido aparcar”. Pero si se opta por esta medida, habería que tomar en consideración a posibilidade de aumentarlle o importe da taxa que paga polo vado, posto que en lugar de ter reservado un espazo de catro metros da vía pública para o acceso ao seu garaxe, tal espazo habería que aumentalo en outros catro metros da vía pública na marxe contraria ao vado, onde se prohibiría o aparcamento, facendo un total de oito metros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o solicitado segundo o informe do xefe da Policía local nos seus xustos termos.

**12.I)** D. José Luis Cancelas Silva, por escrito do 27 de outubro de 2009, expón que na saída do vial dende o camiño da Moureira cara á súa propiedade hai moi mala visibilidade dos vehículos da dereita na baixada, ao lando das instalacións da colectiva de TV de Meira, e solicita a instalación dun espello que mellore a visibilidade.

Visto o informe favorable do xefe da Policía local do 30 de outubro de 2009, conformado pola concelleira de Mobilidade, no que indica que procede a colocación dun espello convexo no punto indicado polo requirinte, e acompaña cunha fotografía indicando o lugar máis axeitado,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a colocación dun espello nos termos recollidos no informe do xefe da Policía local..



### 13.- VADOS

**13.A)** Vista a proposta da concelleira de Mobilidade do 4 de outubro de 2009, na que recolle a solicitude de D. Fernando Fervenza Costa para que se lle comunique ao ORAL a baixa do padrón de vados da placa do vado nº 222 e a alta do nº 305 –que lle foi entregada por roubo da anterior-.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

**13.B)** Vista a proposta da concelleira de Mobilidade do 4 de outubro de 2009, na que recolle a solicitude de D. Carlos Alonso Pérez para dar de baixa no padrón de vados o nº 006, situado na rúa Miguel Enríquez nº 22 (talleres Numancia) e que se lle comunique ao Oral a baixa,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

### 14.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relacionn a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
JESÚS PIÑEIRO MARTÍNEZ	Saneamento uso doméstico	Porta do Sol, 43 – 2º. Meira	Saneamento.....180 €	Aqualia Arqut. Téc. Mun.
FERNANDO PIÑEIRO VEIGA	Auga, uso doméstico	Rúas As Barxas, 11 – 2º B	Dereitos conexión ..... 60 € Fianza ..... 20 €	Aqualia
ANA MARÍA CURRAS PAREDES	Saneamento, uso doméstico	Pombal, s/n	Xustificante ano 2002 de 390,66 euros dereitos conexión.	Aqualia
MARÍA FERVENZA MEIRA	Saneamento, uso doméstico	Pombal, 49 (Meira)	Conexión ..... 180 €	Aqualia Arqut. Téc. Mun.
PILAR CASTIÑEIRAS SILVA	Saneamento, uso doméstico	Rúa da Praia, 23 – Meira	Saneamento.....180 €	Aqualia Arqut. Téc. Mun.
JOSE LUIS PASTORIZA GONZÁLEZ	Saneamento, uso doméstico	Couso, 32 A Meira	Saneamento.....180 €	Aqualia Arqut. Téc. Mun.
BALBINO SANTOMÉ SANTOMÉ	Saneamento, uso doméstico	Porta do Sol, 11 - Meira	Saneamento.....180 €	Aqualia Arqut. Téc. Mun.
JOSE MANUEL MEIRA JUNCAL	Saneamento, uso doméstico	Pombal, 61	Saneamento.....180 €	Aqualia Arqut. Téc. Mun.
Mº DEL CARMEN CORDEIRO RODRÍGUEZ	Saneamento, uso doméstico	Reibón, 67 B	Saneamento.....180 €	Aqualia Arqut. Téc. Mun.
MARÍA PEREZ POCEIRO	Saneamento, uso doméstico	Reibón, 134 - Meira	Saneamento.....180 €	Aqualia Arqut. Téc. Mun.
RICARDO MACEI RÚA	Saneamento, uso doméstico	Xunqueira, 53	Saneamento.....180 €	Aqualia Arqut. Téc. Mun.
PEDRO ORTIZ FERNÁNDEZ	Saneamento, uso doméstico	Couso, 106	Saneamento.....180 €	Aqualia Arqut. Téc. Mun.

BENJAMIN SANTA CLARA RODRÍGUEZ	Saneamento, doméstico	uso	Corvos, 41 - Meira	Saneamento.....180 €	Aqualia Arqut. Téc. Mun.
IVAN MARTÍNEZ COELLO	Saneamento, doméstico	uso	Couso, 24 - Meira	Saneamento.....180 €	Aqualia Arqut. Téc. Mun.
CARLOS JUNCAL LORENZO	Saneamento, doméstico	uso	Pura P. Prado, portal 2- 4º D	Xustificante de pago de Promociones Souto y González por conexión sumidoiros – expte. obras 284/05 por 12.640 euros.	Aqualia
MANUEL RODRÍGUEZ PÉREZ	Saneamento, doméstico	uso	Reibón, 75 B- Meira	Saneamento.....180 €	Aqualia Arqut. Téc. Mun.
LUIS SANTOMÉ SANTIAGO	Saneamento, doméstico	uso	Pombal, 52- Meira	Saneamento.....180 €	Aqualia Arqut. Téc. Mun
JOSE SA CORDEIRO	Saneamento, doméstico	uso	Couso, 90 - Meira	Saneamento.....180 €	Aqualia Arqut. Téc. Mun
JOSE DURÁN CURRÁS	Saneamento, doméstico	uso	Reibón, 35 - Meira	Acredita, mediante cartas de pago de saneamento do ano 2002 e 2005 do ORAL, que xa estivo incluído no padrón	Aqualia Arqut. Téc. Mun
FERNANDO PEREZ VILLAVERDE	Saneamento, doméstico	uso	Fanequeira, 90 A Meira	Xustificante ano 2003 de 390,66 euros dereitos conexión., acordado en CG do 17.02.03	

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:35 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.